



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte
Servizo de Deporte da Coruña

Praza de Agustín Díaz, 1
15008 A Coruña
Tlf: 981 13 24 43
Fax: 981 13 25 27
E-mail: deportes.coruna@xunta.es

galicia

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DE DEPORTE DA CORUÑA
A CORUÑA

Data: 08/02/2017 09:49:36

SAÍDA 180 / RY 341146



EXPEDIENTE: PR946B 2017/000130-1
SOLICITANTE: C. DE TIRO OLIMPICO EL CASTRO
Nº REGISTRO: C-00182

NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN

Notifícolle que na data 27/02/2017 a secretaria xeral para o deporte ditou a seguinte resolución:

"Á vista da solicitude e documentación presentada o 27.02.2017 neste Servizo de Deporte e sendo conforme coa Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, co Decreto 85/2014, do 3 de xullo, Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e demais normativa aplicable, é polo que:


RESOLVO:

Anotar no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia a modificación seguinte:

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS".

A Coruña, a 27 de febreiro de 2017

O xefe da Sección de Deporte



Anxel Rábade Pallares

PRESIDENTE/A DO/A C. DE TIRO OLIMPICO EL CASTRO
Lugar Agrande, 27
Castro
15578 Narón



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte
Servizo de Deporte da Coruña

Praza de Agustín Díaz, 1
15008 A Coruña
Tif 981 13 24 43
Fax 981 13 25 27
E-mail: deportes.coruna@xunta.es

galicia

EXPEDIENTE: PR946B 2017/000130-1
SOLICITANTE: C. DE TIRO OLIMPICO EL CASTRO
Nº REGISTRO: C-00182

RESOLUCIÓN

Á vista da solicitude e documentación presentada o 24.02.2017 neste Servizo de Deporte e sendo conforme coa Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, co Decreto 85/2014, do 3 de xullo, regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e demais normativa aplicable é polo que:

RESOLVO:

Anotar no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia a modificación seguinte:

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS.

Contra esta Resolución poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde a data de notificación (art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), ou ben interpor recurso contencioso – administrativo ante a Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fóra expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, prodúzase o acto presunto (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa).

A Coruña, 27 de febreiro de 2017

A secretaria xeral para o deporte



POR DELEGACIÓN DE SINATURA
DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
(Resolución do 11 de decembro do 2016)
O xefe de Servizo de Deporte

Roberto García Fernández

PRESIDENTE/A DO/A C. DE TIRO OLIMPICO EL CASTRO

ESTATUTOS

CLUB DE TIRO OLIMPICO EL CASTRO

CAPITULO I

PREAMBULO

O Club de Tiro Olímpico EL CASTRO figura co nº 182 no Rexistro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia dende o 28 Febreiro de 1984. Fundouse no ano 1982 e modificanse os seus Estatutos por mandato da Asamblea Xeral convocada a o efecto en fecha 18 Febreiro 2017 e para adaptación a Lei Xeral para o Deporte de Galicia 3/2012.

NORMAS XERAIS

ARTIGO 1º

O Clube de Tiro Olímpico "EL CASTRO" é unha Asociación Privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas, que ten por obxecto exclusivo o fomento da práctica do TIRO OLIMPICO e actividades deportiva relacionadas con devandito exercicio e sen ánimo de lucro.

ARTIGO 2º

O Clube de Tiro Olímpico "EL CASTRO" practicará como principal modalidade deportiva o Tiro Olímpico. está afiliado Federación Galega de Tiro Olímpico someténdose e acolléndose a súa tutela e disciplina. A Federación Galega de Tiro Olímpico elevará estes estatutos á ratificación da secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, conforme a Lei 3/2012 Xeral do Deporte de Galicia.

ARTIGO 3º

O domicilio social do Clube de Tiro Olímpico "EL CASTRO" fixarase no Lugar de Agrande nº27 (Parroquia de Castro) 15578 NARON, Provincia de A Coruña, con teléfono 981 391090 e E-Mail ctocastro@hotmail.com

A Xunta Directiva, cando as circunstancias así o aconsellen, poderá decidilo cambio do domicilio social dentro da mesma provincia, sendo preceptiva a ratificación posterior da Asamblea Xeral. Para o traslado do domicilio social a outra localidade, que deberá estar sempre dentro do territorio da comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria.

En ambos os dous casos, o traslado do domicilio social non implicará a modificación dos estatutos, pero terá que ser notificado á Secretaría Xeral do Deporte (Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas

San Gabriel



CAPTULO II

CLASES DE SOCIOS, ADMISIÓN E OBRIGACIÓNS

ARTIGO 4º-

O número de socios será ilimitado. Nembargantes a Xunta Directiva poderá suspendela admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, xuvenis, eventuais e honorarios.

ARTIGO 5º-

Son socios de número tódalas persoas que satisfagan a cuota de ingreso e a social establecida pola Asamblea Xeral Extraordinaria.

Serán Socios honorarios aquelas persoas ásqe a Directiva confira esta distinción.

Serán Socios eventuais aqueles desplazados a nosa comunidade autónoma, que fixen o seu domicilio na mesma, e o serán por un período máximo de seis meses.

As categorías inferiores (cadetes a xuvenis) non satisfarán cuotas hasta alcanzar a maioría de idade.

ARTIGO 6º-

Os Socios de número terán os seguintes dereitos:

A) Contribuir ó cumprimento dos fins específicos do Club.

B) Esixir que o clube se axuste o disposto na Lexislación e Normativa autonómica deportiva, normas da Federación Galega de Tiro Olimpico, ó establecido no presentes Estatutos, e calquer outra lexislación ou normativa vixente que lle sexa aplicable por razón do seu obxecto Social.

C) Separarse libremente do Club.

D) Coñecer as actividades do Club e examinala súa documentación, previa petición razoada ó presidente da Xunta Directiva.

E) Expor libremente, pero con respecto, as súas opinións no seno do Club, especialmente nas Assembleas Xerais.


F) Ser elector e elexible para os órganos de representación e goberno do Club, sempre que teña plena capacidade de obrar e reuna os demais requisitos que se mencionan no Anexo I dos presentes estatutos.

Son obrigacións dos socios de número:

a) Aboalas cuotas que determine a Asamblea Xeral Extraordinaria.

b) Contribuir o sostemento e difusión do deporte do tiro olímpico e demais modalidades deportivas do Club.

c) Acatar as disposicións que dicte a Asamblea Xeral ou a Xunta Directiva para o bo goberno do club.



ARTIGO 7º

Para ser admitido como socio é necesario:

- Solicitude por escrito dirixida o Presidente
- No caso dos socios de número, reunilos requisitos que sinale a Xunta Directiva.
- Satisfacela cuota de ingreso correspondente.

ARTIGO 8º

A condición de socio pérdese

- 1) Por vontade propia.
- 2) Por falta de pago de duas cuotas sociáis consecutivas, e resolución da Xunta Directiva
- 3) Por acordo da Xunta Directiva, fundado en faltas reiretadas de carácter leve ou falta de carácter grave, previa audiencia o interesado, mediante expediente disciplinario tramitado conforme o Regulamento Xuridicional e Disciplinario da Federación Galega de Tiro

CAPITULO III

ORGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO



ARTIGO 9º

Son órganos de representación do Clube de Tiro Olimpico "EL CASTRO" a Asamblea Xeral, a Xunta Directiva e o Presidente. Tódolos cargos directivos serán gratuitos.

ARTIGO 10º

O Presidente da Xunta Directiva e, no seu defecto, aqueles outros membros da mesma que determinen os Estatulos, ostentarán a representación legal do Clube, actuarán no seu nome, e estarán obrigados a executalos acordos validamente adoptados pola Asamblea Xeral e Xunta Directiva.

Presidirá a Asamblea, dirixirá os debates e poderá cesar a membros da Xunta Directiva podendo nombrar substitutos, Cando o cese afecte a mais do 50% dos integrantes da Xunta Directiva eleixida en Asamblea, se farán novas eleccións.

ARTIGO 11º

A Xunta directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nen superior a dez, da que formarán parte ademais do Presidente, un Vicepresidente, Secretario, un Tesoureiro e alomenos un Vocal..



I. Corresponden a Xunta Directiva as seguintes atribucións:

A) Mantela orde e disciplina do Clube, así como nas competicións que organicen.

B) Convocar, por medio do seu Presidente, a Asamblea Xeral cando o estime necesario, cumprindo e acatando os acordos e decisións da mesma.

C) Sinalar as condicións e forma de admisión de novos socios, así como as cuotas de ingreso e periódicas que deben satisfacerse, debendo ser ambos extremos ratificados pola Asamblea Xeral Extraordinaria.

D) Redactar ou reformalos Regulamentos de Réxime interno, fixando as normas de uso das instalacións e as taxas correspondentes, que en todo caso deberán ser comunicadas á Asamblea Xeral e aprobados por ésta.

E) Nomealas persoas que vaian dirixilas distintas comisións que se creen, así como organizalas actividades do Clube.

F) Formular Inventario e Balance Anual, así como redactala Memoria anual da Sociedade e, en xeral, aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte dentro do Club.

G) A interpretación dos seus propios acordos e os de Asamblea Xeral.

ARTIGO 12º.

A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concurran a ella a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concurrencia, polo menos, de tres dos seus membros e, en todo caso, do Presidente ou Directivo no que éste delegue.

A Xunta Directiva será convocada polo seu Presidente con dous días de antelación, como mínimo, á data da celebración. Tamén pode ser convocada a petición de máis de tres seus membros.

ARTIGO 13º.

A Xunta Directiva quedará validamente constituída cando estén presentes tódolos seus componentes, aínda que non mediara convocatoria previa.


ARTIGO 14º

A elección do Presidente, e demais membros da Xunta Directiva efectuarase por períodos de catro anos, mediante sufraxio libre, igual e secreto, por e entre os membros da Asamblea Xeral, conforme se establece no Anexo I dos presentes estatutos. Tódolos cargos directivos son reelegibles.

ARTIGO 15º

O Tesoureiro da Xunta Directiva asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os libros de Contabilidade.

Será obrigación do Tesoureiro, formalizar durate o primeiro trimestre de cada ano, un Balance de Situación e as Contas de Ingresos e Gastos, que se poñerán en comunicación de tódolos asociados.



ARTIGO 16º

O Secretario da Xunta Directiva dependerá directamente do Presidente, coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa do Clube, levará o Libro de Rexisto de Asociados, Libro de Actas e resolverá os asuntos de trámite.

ARTIGO 17º

O órgano supremo de goberno do Club é a Asamblea Xeral, que estará integrada por tódolos socios de número con dereito a voto.

ARTIGO 18º

As Assembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representados a maioría dos socios. En segunda e última convocatoria (aproximadamente media hora máis tarde) quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes e representados. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asamblea terán que mediar, como mínimo, dez días naturais, e non poderán transcorrer máis de trinta.

ARTIGO 19º


A Asamblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia, ou a petición, por escrito, de alomenos o 25% dos socios de número.

1.- A Asamblea Xeral reunirse con carácter ordinario, previa convocatoria do Presidente, alomenos unha vez o ano, para tratalas seguintes cuestións:

- A) Aprobación, se procede, das Contas Anuais, Liquidación de Orzamentos e Memoria Explicativa do exercicio.
- B) Aprobación, se procede, dos Orzamentos para o exercicio seguinte.
- C) Memoria da actividade realizada.
- D) Proxectos e propostas do Presidente ou da Xunta Directiva.
- E) Proposicións que formulen os socios e que terán que ser asinadas, alomenos, polo 10% dos de número e presentadas con sete días de antelación a celebración da Asamblea.
- F) Rogos e preguntas.

2.- Terá que celebrarse Asamblea Xeral Extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección do Presidente e Xunta Directiva, tomar cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens inmobles e fixación das cuotas dos socios, así como para decidir votos de censura propostos en forma a calquera dos integrantes da Xunta Directiva ou o seu conxunto.

Os acordos da Asamblea Xeral e da Xunta Directiva, serán vinculantes e de obrigado cumprimento, e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación ante órganos competentes da Federación Galega de Tiro Olimpico, ou Comité Galego de Xustiza Deportiva.



CAPITULO IV

REXIME DOCUMENTAL

ARTIGO 20º

O réxime documental do Clube constrá dos seguintes libros:
Rexistro de Socios, de Actas e contables.

ARTIGO 21º

No Libro de Rexistro de socios, deberán constalos nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade, e no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan no Clube. Tamén se especificarán as datas de altas e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos. Os Libros de Socios deberán estar dilixenciados pola Federación Galega de Tiro Olimpico ou polo rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

ARTIGO 22º

Nos Libros de Actas, consignaranse as reunións que celebre a Asamblea Xeral e Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas deberán de estar asinadas, en todo caso, polo Presidente e polo Secretario.

ARTIGO 23º

Nos Libros de contabilidade figurarán os ingresos e gastos do Clube, debendo precisarse a procedencia daqueles ou a inversión ou destino destes.



CAPITULO V

REXIME DISCIPLINARIO

ARTIGO 24º

Os órganos e socios do Club estarán sometidos ó Regulamento Disciplinario da Sociedade, ó Regulamento Disciplinario da Federación Galega de Tiro Olimpico e ó disposto no Título VII da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, e normativa do seu desenvolvemento.

ARTIGO 25º

O Presidente e membros da Xunta Directiva responderán fronte os socios, á Sociedade ou terceiros, dos prexuízos que ocasionarán por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do Club e Ordenamento Xurídico vixente.



CAPITULO VII

REXIME ECONOMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

ARTIGO 26º

El Clube de Tiro Olimpico " EL CASTRO" someterase ó Rexime de Orzamentos e Patrimonio propio coas seguintes limitacións:

A) Non poderán destinalos seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servicio, nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaranse integramente á conservación e fomento do seu obxecto social.

B) Poderá fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios acadados a o desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.

C) El Clube de Tiro Olimpico " EL CASTRO" poderá gravar e enaxenar bens inmoables, tomar cartos a préstamo, emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:

D) Que tales operacións sexan autorizadas por maioría de dous tercios dos socios presentes e representados en Asamblea Xeral Extraordinaria.

E) Que ditos actos non comprometan de xeito irreversibles o patrimonio do Club ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo poderá esixirse, sempre que o soliciten como mínimo o dez por cento dos socios de número, o oportuno dictamen económico-actuarial.

F) Cando se trate de tomar diñeiro a préstamo, gravar ou enaxenar bens inmoables que foran finanicados en todo ou parte, con Fondos Públicos da comunidade Autónoma, será preceptiva a autorización da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, informe da Federación Galega de Tiro Olimpico.

ARTIGO 27º

El club de Tiro Olimpico " EL CASTRO" poderá percibir libremente doazóns que non exceden da cantidade de 6.000.00 €. No suposto de doazóns que superen esta cantidade, precisarase autorización expresa da Secretaria Xeral para o Deporte de Xunta de Galicia, previo informe de Federación Galega de Tiro Olimpico.

ARTIGO 28º

1.- El Club de Tiro Olimpico " EL CASTRO" poderá emitir títulos de débeda ou de parte alícuota patrimonial.

Os títulos serán nominativos.



ARTIGO 29 °.-

1.- Os títulos inscribíranse nun Libro que levará ó efecto o Club, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

2.- En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión e , no seu caso o interese e prezo de amortización.

ARTIGO 30°

Os títulos de débeda somentes poderán subscribilos os socios, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vicente.

ARTIGO 31°

Os títulos de parte alícuota patrimonial serán asemade subscritos polos socios. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficio.

ARTIGO 32°.

Os títulos de débeda e parte alícuota patrimonial serán transferibles unicamente os que teñan a condición de socios.

CAPITULO VIII

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE

ARTIGO 33°

Os presentes Estatutos soamentes poderán ser modificados, reformados ou derogados por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria convocada o efecto, mediante votacións favorables dos dous tercios dos oscios de número asistentes e representados.

A reforma destes Estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, os mesmos trámites administrativos que para a súa aprobación.



ARTIGO 34°

El Club de Tiro Olimpico "EL CASTRO" extinguirase ou disolverase por:

- A) Acordo de dous tercios dos socios presentes e representados en Asamblea Xeral Extraordinaria, convocada a tal efecto.
- B) Por sentenza Xudicial.
- C) Por outras causas legalmente determinadas.

En todo caso este acordo deberá ser notificado a Federación Galega de Tiro Olimpico e o Registro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

Luís...



ARTIGO 35º

Disolto o Club de Tiro Olimpico "EL CASTRO" o remanente do seu patrimonio social, se o houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo, ben por acordo previo da Asamblea Xeral ou subsidiariamente pola Federación Galega de Tiro Olimpico e ou Secretaría Xeral para o Deporte



Narón a 18 de Febreiro de 2017

EL PRESIDENTE

Fdo. Ramiro Pose Díaz



EL SECRETARIO

Fdo. Ramón Arbe Fernández

DILIXENCIA: Para facer constar que os presentes estatutos do club
TIRO OLIMPICO EL CASTRO
Inscritos co ~~CAI~~ ^{CAI} foron modificados con data 27/02/2017
no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade co disposto na
Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG 15/04/2012)
A Coruña, 27-FEBREIRO-2017

ANEXO 1

NORMATIVA ELECTORAL

O Presidente e a Xunta Directiva do Club de Tiro elixíranse en Asamblea Xeral Extraordinaria mediante sufraxio libre, igual e secreto dos socios de número con dereito a voto, en candidaturas pechadas e completas debendo figurar nas mesmas a lista ou relación dos seus compoñentes coa designación do cargo que cada un deles vaia ostentar, debendo estar formada por un número de membros non inferiores a cinco nin superio a dez, ó fronte do cal estará o Presidente e da que formarán parte, ademais dun Vicepresidente, un Secretario un Tesoureiro, alomenos un Vocal.

Os membros da Xunta Directiva convertíranse en Xunta Xestora cando se convoquen as eleccións.

SUPOSTOS NOS QUE TERÁ LUGAR A CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS

O Club de Tiro Olimpico procederán á convocatoria de eleccións a Presidente e Xunta Directiva, cando se produzan as seguintes causas:

Por expiración do prazo de mandato da Xunta Directiva.

Cando por dimisións, ceses, morte ou incapacidade física quedase a Xunta Directiva reducida ou modificada, de forma que non poida exercer debidamente as súas funcións ou no cumpla co número mínimo de membros.


Por dimisión ou incapacidade do Presidente que encabezara a candidatura.

Por voto de censura ó Presidente ou á Xunta Directiva, aprobado en Asamblea Xeral Extraordinaria por maioría de dous tercios. A Asamblea será convocada ó efecto e a petición de, alomenos, o vintecinco por cento dos seus compoñentes con dereito a voto.

CONVOCATORIA

A convocatoria de eleccións a Presidente e Xunta Directiva acordáranse en Xunta Directiva, reunida con carácter extraordinario, notificando o acordo de convocatoria de eleccións á Federación Galega de Tiro Olimpico, co obxecto de que poida supervisar e resolver como órgano superior calquer incidencia relativa ó proceso electoral.

A estes efectos a Xunta Directiva mediante comunicación a tódolos integrantes da Asamblea Xeral, efectuada do xeito que se consiga a necesaria difusión e coñecemento, convocará a devandita Asamblea, especificándose na convocatoria como puntos da orde



Manuel

4020



do día os seguintes:

ACORDO DE CONVOCATORIA DE ELECCIÓN A PRESIDENTE E XUNTA DIRECTIVA

CALENDARIO ELECTORAL, no que debrán de figurar as datas e prazos seguintes:

- A) Día 1 Elección da Xunta Electoral e exposición do Censo
- B) Ata día 8 Reclamación ó censo Electoral
- C) Ata día 11 Prazo de presentación de candidaturas
- D) Ata día 16 Prazo de estudo, aceptación das candidaturas e divulgación
- E) Ata día 19 Prazo de presentación de impugnacións contra as candidaturas
- F) Ata día 22 Prazo para a resolución de impugnacións contra as candidaturas
- G) Día 30 Data da votación e proclamación da candidatura máis votada

3.- ELECCIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA ELECTORAL SOCIAL

4.- ELECCIÓN E NOMEAMENTO DOS COMPOÑENTES DA MESA ELECTORAL

5.- TRANSFORMACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA EN XUNTA XESTORA

A) CALENDARIO ELECTORAL, deberán figurar claramente todas as datas e prazos nos que se desenvolverá o período electoral.

O Calendario Electoral remitirase á Federación Galega de Tiro Olímpico unha vez aprobado pola Xunta Directiva en reunión extraordinaria, e permanecerá exposto na sede do Club ou no taboleiro de anuncios do axuntamento durante todo o tempo que dure o proceso electoral.

Dentro deste Calendario figurará o prazo de exposición do Censo Electoral (lista de socios con dereito a voto), durante un período mínimo de oito días e máximo de dez, para que os interesados formulen ante a Xunta Electoral Social (dentro do prazo de exposición do censo) as reclamacións oportunas contra o mesmo.

Transcurrido este prazo, nos tres días seguintes, a Xunta Electoral social procederá a resolver as reclamacións recibidas contra o censo.

Expirado o prazo anterior, terá lugar a presentación de candidaturas, que se pechará ós cinco días.

Ós tres días seguintes a xunta Electoral estudiará a validez das candidaturas presentadas, aceptando unicamente aquelas que cumplan todos e cada un dos requisitos establecidos na presente normativa, publicando as candidaturas aceptadas e rexeitadas.

Se non existira ningunha candidatura ou se as presentadas non reunisen os requisitos establecidos, a Xunta Xestora en colaboración coa Xunta Electoral Social formalizará un novo Calendario Electoral, que poñerá en marcha un novo período electoral, debendo dar conta deste novo Calendario a todos os socios e á Federación Galega de Tiro Olímpico.

As impugnacións contra a admisión ou in admisión das Candidaturas deberán presentarse ante a Xunta Electoral Social, dentro dos tres días seguintes á publicación das



candidaturas.

A Xunta Electoral resolverá as impugnacións presentadas contra as candidaturas nos tres días seguintes.

Contra a resolución da Xunta Electoral Social cabe recurso ante os órganos da Federación Galega de Tiro Olímpico, trala decisión adoptada por éstes caberá impugnación ante os órganos competentes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, sen que estes actos suspendan momentaneamente a execución do acto impugnado.

Dentro dos sete días seguintes celebrárase a Asamblea Xeral Extraordinaria de Votacións.

As reclamacións contra o desenvolvemento das votacións e escrutinio faranse constar na Acta da Mesa Electoral, e en caso de non seren estimadas pola Mesa poderán reproducirse dentro dos tres días seguintes ante a Xunta Electoral Social, debendo facer constar este propósito na Acta da Mesa Electoral.

A Xunta Electoral Social resolverá estas reclamacións no prazo de tres días, As resolucións da Xunta Electoral Social poderanse impugnar nos mesmos termos ante os órganos da Federación Galega de Tiro Olímpico.

Contra as resolucións dictadas nesta materia pola Federación Galega de Tiro Olímpico poderá presentarse recurso ante os órganos competentes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, conforme á Lei 3/2012 Xeral do Deporte de Galicia.

A vista do desenvolvemento do procedemento electoral e Acta de cotacións da Mesa Electoral a Federación Galega de Tiro Olímpico procederá á proclamación do novo Presidente e Xunta Directiva do Club, por un período de catro anos.

B) XUNTA ELECTORAL SOCIAL.

Con independencia da existencia permanente na Xunta de Goberno da Federación Galega de Tiro Olímpico dun órgano competente encargado de velar polo cumprimento dos procesos electorais no Club, e resolver como órgano superior tódalas reclamacións que se produzan en ditos procesos; a Directiva en Reunión Extraordinaria do Club unha vez acordada a celebración de eleccións elixirá entre os seus membros que non se presenten como candidatos a ningún dos cargos directivos, a tres socios que integrarán a Xunta Electoral Social, terán o carácter de titulares da devandita Xunta e outros tres, elixidos por sorteo entre os socios participantes na tirada que se dispute de maneira mais inmediata anterior, o de suplentes dos anteriores. De non haber directivos libres de candidaturas, a Xunta Electoral a integrarán unicamente Socios escollidos no sorteo. Se algún deles, despois do seu nomeamento como membro da Xunta Electoral Social, e antes da presentación de candidaturas, decidira integrarse nalgunha das candidaturas, cesará automaticamente na súa condición de membro da devandita Xunta, sendo substituído polo primeiro dos substitutos elixidos.

A Xunta Electoral Social será a encargada de velar polo estrito cumprimento do calendario e normativa electoral, e decidir sobre calquera cuestión que afecte directamente á celebración das eleccións e resultados das mesmas, admitindo e proclamando as candidaturas, e resolvendo no su caso tódalas reclamacións e impugnacións que se presenten contra o Censo, prazos, candidaturas, candiados,



etc...así coma as que se orixinen no decurso das votacións.

A Xunta Electoral Social deberá de dar conta por escrito de tódolos seus acordos, actas, etc... á Federación Galega de Tiro Olímpico.


MESA ELECTORAL. Unha hora antes da prevista para o comezo da Asamblea Xeral Extraordinaria na que terá lugar a votación para eleixilos cargos directivos do Club de Tiro Olímpico, constituitase a Mesa Electoral previamente elixida na Asamblea anterior..

1.- Composición da Mesa Electoral:

A Mesa Electoral estará integrada por:

O membro de maior idade da Xunta Electoral actuará como Presidente de Mesa e o de menor idade de Secretario.

Poderán estar presentes, co obxecto de supervisalo desenvolvemento das eleccións, un Representante por cada unha das candidaturas que se presenten as eleccións. A devandita representación estará debidamente acreditada por quen encabece a candidatura.



2.- Funcións da Mesa Electoral.

- A) Comprobala identidade dos votantes.
- B) Recollelas papeletas de voto e depositalas na furna preparada ó efecto, que deberá estar debidamente pechada e lacrada.
- C) Redactar, por medio do seu Secretario a Acta correspondente, na que deberá de constalo número de electores, votos válidos emitidos, votos nulos, o resultado da votación e as incidencias ou reclamacións que se produzan.

3.- CANDIDATOS.

Os assembleístas que desexen presentalas súas candidaturas a Presidente e Xunta Driectiva do Club de Tiro Olímpico deberán reunilos seguintes requisitos:

- A.- Ter a condición de Galego
- B.- Maior de idade
- C.- Atoparse en pleno uso dos dereitos civís e non estar suxeito a sanción disciplinaria deportiva que o inhabilite.
- D.- Ser socio do Club cunha antigüidade mínima ininterrumpida de dous anos e ter Licencia Deportiva do ano en que se celebren as eleccións e do anterior.

Presentala candidatura co aval do 10% dos socios que compoñan o censo electoral, así como o escrito de aceptación de tódolos candidatos integrados na mesma .

As candidaturas presentaranse, dentro do prazo establecido no Calendario Electoral, ante a Xunta Electoral Social en listas pechadas e completas, especificando os cargos para os que se presenta cada candidato.



Os membros do censo que avalen as candidaturas farán constar a debaixo da súa sinatura o seu nome e dous apelidos, número de Licencia Deportiva e número do DNI.

Ningún socio poderá presentar nin avalar máis dunha candidatura. No caso de duplicidade de firmas, tomaranse como non válidas.

4.-ELECTORES

Nas Eleccións da Xunta Directiva do Club de Tiro Olimpico teñen dereito o voto os socios de número, maiores de 18 anos que estén ó corrente das súas obrigas sociais.

5.-VOTACIÓNS

A) No caso de existir unha soa candidatura que reúna todos e cada un dos requisitos establecidos, non procederá a constitución da Asamblea e os seus compoñentes serán proclamados pola Xunta Electoral como membros da nova Xunta Directiva.

B) Se fosen máis dunha candidatura ás válidas, celebraranse eleccións na forma prevista.

C) As votacións efectuaranse mediante sufraxio persoal e representado dos socios con dereito a voto.

D) As votacións realizaranse en papeletas de tamaño único facilitadas pola Xunta Electoral Social.

E) Sendo as candidaturas pechadas e completas, os electores deberán de elixir calquera de las na súa totalidade, anulándose os votos que non se axusten a esta determinación.

F) Os integrantes da Xunta Electoral Social e da Mesa Electoral exercitarán o seu dereito o voto, se o tivesen, en último lugar.

G) Rematada a votación a Mesa procederá ó recuento de votos en presenza dos representantes de cada unha das candidaturas que fixeron uso dese dereito.

O Presidente da Mesa dará lectura ó resultado da votación resultando elexida a candidatura que acabe o maior número de votos, procedéndose pola Mesa a proclamación dos elexidos. En caso de empaate realizarase un novo sufraxio unicamente entre os Socios presentes, excluíndose os representados.

H) Do desenvolvemento da Asamblea levaráse Acta polo Secretario de Mesa Electoral na que se recollerán as incidencias que se produzan, o desenrolo da votación e o resultado da mesma con expresión de tódolos votos emitidos (válidos, nulos e brancos).

A acta asinarana os compoñentes da Mesa Electoral e os representantes dos Candidatos que intervisen no escrutinio. Copia da Acta enviarase á Federación Galega de Tiro Olimpico.

6.- PROCLAMACIÓN

Rematadas as votacións expoñerase na sede do Club a proclamación da candidatura que resultase gañadora.



Guillermo



A Federación Galega de Tiro Olimpico, á vista de toda a documentación recibida da Xunta Electoral Social, procederá a expedila oportuna credencial o novo Presidente e Xunta Directiva do Club.

En Narón a 18 Febreiro 2017



PRESIDENTE

A handwritten signature in black ink, appearing to be "R. Pose", written over the word "PRESIDENTE".

Fdo. Ramiro Pose Díaz



SECRETARIO

A handwritten signature in black ink, appearing to be "R. Arbe", written over the word "SECRETARIO".

Fdo. Ramón Arbe Fernández



Documento de adhesión á
Declaración de Galicia saudable



XUNTA
DE GALICIA

CONSIDERANDO que:

- O fomento da actividade física e a adopción dun estilo de vida activo por parte de todas as persoas é unha das claves para garantir o benestar e unha mellor calidade de vida dende a infancia ata a velez.
- A práctica insuficiente de actividade física é un problema de saúde pública de primeira magnitude, que representa un gran custo en termos de perda de calidade de vida e de gastos de atención sanitaria e social.
- O sedentarismo é unha característica propia das sociedades modernas, polo que, recuperar un estilo de vida activo e integral na nosa vida cotiá é un reto extraordinariamente complexo porque require un profundo cambio cultural.

COMPARTIMOS a vontade de:

- Promover as accións necesarias para kerar un profundo cambio cultural que nos permita recuperar o noso estilo de vida activo, e impulsar todo tipo de accións que favorezan a práctica de actividade física.
- Fomentar que as persoas se manteñan suficientemente activas durante toda a vida.
- Traballar de forma asociada e participativa con todas as institucións, organizacións, entidades e movementos sociais con capacidade de influir na poboación para fomentar un estilo de vida activo das persoas.

**Por todo o anterior, MANIFESTAMOS a nosa adhesión á
Declaración de Galicia Saudable e COMPROMETÉMONOS a:**

1. Participar activamente no Plan Galicia Saudable e integrarnos na rede de actores institucionais e sociais constituída co obxectivo de fomentar un estilo de vida activo na poboación de Galicia.
2. Colaborar e interactuar con outros actores institucionais e sociais na posta en marcha de actividades dirixidas ao fomento da actividade física entre os diferentes grupos da poboación galega.
3. Apoiar e impulsar as actividades que se desenvolvan no marco do Plan Galicia saudable, e poñer á disposición desta iniciativa as nosas redes e recursos para potenciar a súa difusión e impacto.
4. Contribuír ao desenvolvemento do Portal Galicia Saudable (<http://galiciasaudable.xunta.es>) e da aplicación GaliciaActiva (<http://galiciaactiva.xunta.es>), e participar na elaboración dun inventario detallado das instalacións e espazos, actividades e servizos que temos no territorio de Galicia para a práctica regular de actividade física.
5. Ter presente nas nosas decisións e actuacións a importancia de fomentar e facilitar as oportunidades para que as persoas poidan gozar dun estilo de vida fisicamente activo e, ao mesmo tempo, adoptar medidas positivas para promover a práctica regular de actividade física saudable no seo da nosa organización.

Sinatura

Nome **RAMIRO POSE DIAZ**

Cargo **PRESIDENTE**

En representación de **CLUB DE TIRO OLIMPIO EL CISTEO**
(nome da entidade) **615200611**

NACION **19** de **FEBRERO** de 201**7**

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE FERROL
FERROL

Data 20/02/2017 10:49:30

ENTRADA 4561 / RX 412092

